



## INFORME DOS SERVIZOS TÉCNICOS MUNICIPAIS

En relación co expediente do contrato de servizos para a limpeza dos edificios e dependencias municipais do concello de As Neves, por procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada, deste municipio cuxas características son:

|  |                                       |
|--|---------------------------------------|
| <b>Tipo de contrato:</b> CONTRATO DE SERVIZO   |                                       |
| <b>Obxecto do contrato:</b> Prestación dos servizos de limpeza das dependencias dos seguintes edificios: CASA DO CONCELLO, PAVILLÓN MUNICIPAL, EDIFICIO DE SERVIZOS SOCIAIS, CEIP "AS NEVES", ESCOLAS DE INFANTIL DE RUBIÓS E TABOEXA, BIBLIOTECA, ARQUIVO, GARDERÍA, CENTRO DE SAÚDE, AUDITORIO, MERCADO, CASA DA XUVENTUDE, EDIFICIO CORREOS, CAMPO DE FUTBOL, BAÑOS DE SANTA MARIÑA E SAN NOMEDIO ", de acordo co disposto no prego de prescricións técnicas e administrativas. |                                       |
| <b>Procedemento de contratación:</b> ABERTO, SUXEITO A REGULACIÓN HARMONIZADA  | <b>Tipo de Tramitación:</b> ORDINARIA |
| <b>Código CPV:</b><br>90911200-8 Servizos de limpeza de edificios<br>90919300-5 Servizos de limpeza de escolas   |                                       |
| <b>ORZAMENTO ANUAL</b>   |                                       |
| <b>Orzamento base de licitación IVE excluído :</b> 101.743,42 €  | <b>IVE%:</b> 21.366,12 €              |
| <b>Orzamento base de licitación IVE incluído :</b> 123.109,54 €  |                                       |
| <b>ORZAMENTO TOTAL DO CONTRATO</b>   |                                       |
| <b>Orzamento base de licitación IVE excluído:</b> 305.230,26 €   | <b>IVE%:</b> 64.098,35 €              |
| <b>Orzamento base de licitación IVE incluído:</b> 369.328,61 €   |                                       |
| <b>Valor estimado do contrato:</b> 508.717,10 €  |                                       |
| <b>Duración inicial do contrato:</b> 3 anos  |                                       |

Á vista das características do contrato e da documentación técnica achegada, emito o seguinte,

### INFORME

**PRIMEIRO.** En base ao disposto no artigo 99.3 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26



de febreiro de 2014 (en diante, LCSP), este Servizo considera motivos válidos, a efectos de xustificar a non división en lotes do obxecto do contrato, os seguintes:

- o Dificultade da correcta execución do contrato desde o punto de vista técnico, xustificada en que:
  - As prestacións comprendidas no obxecto do contrato non teñen substantividade propia de maneira que non é posible a súa execución de maneira separada, dado que as diferentes tarefas deben ser realizadas polo persoal integrado na mesma organización e vinculado ao servizo.
  - As prestacións comprendidas no obxecto do contrato son inseparables ou imprescindibles de maneira conxunta, posto que se refire a un servizo de limpeza en diferentes edificios públicos pero que están moi preto entre sí (agás dúas escolas unitarias), e para o cal é necesario a coordinación do persoal e unha unidade de actuación nos distintos edificios e dependencias municipais polas mesmas persoas ou empresa, polo que carece de todo sentido dividir en lotes o contrato.
  
- o Risco para a correcta execución do contrato procedente da natureza do obxecto do mesmo, ao implicar a necesidade de coordinar a execución das diferentes prestacións, xustificada en que:
  - Coa división en lotes do obxecto do contrato perderíase a optimización do control da execución global do contrato de limpeza e do correcto servizo de mantemento das instalacións.
  - Coa división en lotes do obxecto do contrato pérdese a coordinación da execución das diferentes tarefas obxecto da prestación.

**SEGUNDO.** Coa non división en lotes do obxecto do contrato, cúmprense cos requisitos de procedemento e publicidade establecidos na normativa de contratación.

**TERCEIRO.** Coa non división en lotes do obxecto do contrato, cúmprense os principios de igualdade e non discriminación establecidos na normativa de contratación.

**CUARTO.** Que por parte do órgano de contratación se emita resolución sobre a procedencia da non división en lotes do obxecto do contrato.

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**